

**7.- Presentación de ofertas.**

a) Fecha límite de presentación: 13 días naturales a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP de Lugo.

b) Documentación a presentar: La señalada en el pliego de cláusulas administrativas.

c) Lugar y forma de presentación: Las proposiciones deberán presentarse en el Registro general de entrada del Ayuntamiento de Chantada, C.P. 27500 – Plaza de España, 1 – Chantada, en horario de 09:00 a 14:00 horas. Si el último día del plazo finaliza en festivo se entenderá prorrogado al inmediato hábil siguiente.

Cuando las proposiciones se envíen por correo, el interesado deberá justificar la fecha y la hora de imposición del envío de la oficina de correos y anunciar al órgano de contratación, dentro de la fecha y hora establecidos como plazo de presentación, la remisión de la oferta mediante fax (número 982 46 21 02) o

telegrama en el que se consigne el título completo del contrato y el nombre del licitador. Sin la concurrencia de ambos requisitos, no será admitida la proposición si es recibida por el órgano de contratación, con posterioridad a la fecha y hora de terminación del plazo señalado en el anuncio de licitación. En todo caso, transcurridos diez días naturales siguientes a la indicada fecha sin recibirse la documentación, ésta no será admitida en ningún caso.

**8.- Requisitos específicos del contratista.**

a) Clasificación: No se exige.

b) Otros requisitos: Los indicados en el pliego de cláusulas administrativas particulares.

**9.- Apertura de ofertas.**

a) De conformidad con lo previsto en el pliego de cláusulas administrativas.

**10.- Criterios bases para la adjudicación.**

a) Criterios recogidos en la cláusula décimo primera del pliego de cláusulas administrativas: precio, reducción del plazo de ejecución y ampliación del plazo de garantía.

**11.- Otra información:** se publicará en el perfil del contratante del Ayuntamiento de Chantada, pudiendo solicitarse información en la dirección de correo electrónico señalada.

**12.- Gastos de anuncios.**

a) Serán por cuenta del licitador que resulte adjudicatario hasta el límite máximo de 600,00 euros.

Chantada, 20 de setembro de 2017.- El Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 2765

---

**A FONSGRADA***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DO INVENTARIO DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE A FONSGRADA**

Por Decreto de Alcaldía de data 06 de setembro de 2017, e visto o elevado número de alegacións presentadas durante o prazo de información pública que abarcou dende o día 01.07.2017 ao 01.09.2017 (BOP núm. 149 do 30.06.2017).

**Acordase:**

**Primeiro:** Ampliar o prazo de información pública do inventario de camiños.

**Segundo:** Que se abra un período de información pública durante un mes máis, do 1 ao 31 de outubro de 2017, mediante un anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e, ademais, no xornal El Progreso.

Durante ese prazo calquera interesado poderá examinalo nas dependencias municipais para formular as alegacións que se consideren pertinentes ou obter copias.

A Fonsagrada, 07 de setembro de 2017.- O Alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 2717

---

*Anuncio***INVESTIGACIÓN DE CAMINO PÚBLICO**

Visto o escrito de data 19 de xullo de 2017, rexistro de entrada nº 1462, efectuado por Don Hortensio Gómez Álvarez, con D.N.I. nº 33.796.241-H, no que solicita o inicio de “*Expediente de recuperación de oficio, tanto do aparcadoiro como do barranco e Camiño da Searoa ...*”

Visto que en base á planimetría obrante neste Concello non se pode determinar o trazado do camiño e polo tanto, antes de iniciar un expediente de recuperación de oficio é necesaria a realización dun expediente previo de investigación,

Vistos os informes e estudos necesarios para determinar se concorren os presupostos para o exercicio da potestade.

Visto o informe do arquitecto técnico de data 06.09.2017.

Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e unha vez visto o informe de Secretaría do día 12.09.2017, conforme o artigo 49 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, e vistas as competencias que me outorga a lexislación vixente,

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** Que se incoe o expediente de investigación da titularidade do camiño denominado da Searoa, sito en Aldomán, que presuntamente pertence á corporación local, e que se soliciten dos rexistros que procedan todos os antecedentes e datos que consten relativos ao ben investigado. Incorporaranse ao expediente as certificacións que se expidan para tal efecto.

**SEGUNDO.** Que se publique o acordo de iniciación no Boletín Oficial da provincia de Lugo e que se expoña no taboleiro de anuncios do Concello un exemplar dos ditos boletíns durante un prazo de quince días.

**TERCEIRO.** Que se traslade o acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para que, de ser o caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

**CUARTO.** Que se lles notifique aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

**QUINTO.** Que se abra un trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao día en que se deba dar por rematada a publicación dos anuncios no taboleiro da corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito todo o que consideren conveniente para o seu dereito ante a corporación, para o que achegarán todos os documentos en que baseen as súas alegacións.

No caso de que existan afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables, este prazo comezará a contar desde a notificación persoal.

**SEXTO.** Unha vez finalizado o prazo para presentar alegacións, que se abra un período de proba por un prazo de quince días no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados de acordo co Dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

**SÉTIMO.** Unha vez practicadas as probas e valoradas polos servizos da corporación, porase de manifesto o expediente ás persoas ás que afecte a investigación e comparecesen nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente para o seu dereito.

A Fonsagrada, 12 de setembro de 2017.- O Alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 2718

*Anuncio*

O Pleno do Concello de A Fonsagrada, en sesión ordinaria celebrada o día 14.09.2017, acordou a aprobación provisional da modificación do Regulamento de organización do Concello de A Fonsagrada.

En cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Se transcrido o devandito prazo non se tivesen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.

A Fonsagrada, 15 de setembro de 2017.- O Alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 2755

---

## LÁNCARA

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA:**

Por decreto de 5 de setembro de 2017, aprobouse o padrón de sumministración de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, alugar de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 2º trimestre 2017.

O importe total do padrón ascende a 64.716,59 sendo o período voluntario de cobro dende o 08/09/2017 ata o 30/11/2017, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comenza a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

A Pobra de San Xiao, 5 de setembro de 2017.- O alcalde, Dario A Piñeiro López

R. 2719

---

## MURAS

### *Anuncio*

#### **DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, D<sup>a</sup> Lara Cabaleiro Rodríguez, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de xullo de 2017.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de xullo 2017, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO-** Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao mes de xullo de 2017. O padrón correspondente ao mes de xullo consta de 49 contribuíntes (22 de libre concorrencia e 27 de dependencia) e un importe total de 5.064,77 € (2.883,26 € persoas usuarias de dependencia e 2181,51 € persoas usuarias de libre concorrencia).

**SEGUNDO-** Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**TERCEIRO-** O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcurrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.